



Concello de Vigo  
Expte. 3858/1101

## ACTA

### PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 13/2023

### SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 3 DE XULLO DE 2023

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Dar conta do escrito presentado polos concelleiros da formación política do Bloque Nacionalista Galego constituíndo o grupo político Municipal do Bloque Nacionalista Galego e designando voceiro do grupo (Rexistro Pleno 3850/1101)
- 2.- Dar conta do escrito presentado polos concelleiros da formación política do Partido Popular constituíndo o Grupo Político Municipal Popular e designando voceiro do grupo. (Rexistro Pleno 3849/1101)
- 3.- Dar conta do escrito presentado polos concelleiros da formación política do Partido Socialista de Galicia-Partido Socialista Obrero Español constituíndo o Grupo Político Municipal Socialista e designando voceiro do grupo. (Rexistro Pleno 3854/1101)
- 4.- Dar conta da Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023 pola que se nomean ós tenentes de alcalde. Expte. 1488/1102 (Rexistro Pleno 3859/1101).
- 5.- Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 19.06.2023, de constitución da Xunta de Goberno Local e nomeamento dos seus membros. Expte. 1485/1102. (Rexistro Pleno 3860/1101).
- 6.- Dar conta da Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023 pola que se estrutura a Administración do Concello de Vigo: Delegación de competencias. Expte. 1482/1102. (Rexistro Pleno 3861/1101).
- 7.- Dar conta de Resolución da Alcaldía de data 20.06.2023, pola que se delegan competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local. Expte. 1484/1102 (Rexistro Pleno 3862/1101).
- 8.- Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 22.06.2023 polo que se delegan competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as delegados. Expte. 1483/1102. (Rexistro Pleno 3863/1101).
- 9.- Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 20.06.23, de delegación de competencias xenéricas en concelleiros de Área de Goberno e concelleiros delegados. Expte. 1491/1102 (Rexistro Pleno 3864/1101).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 1 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- 10.- Proposta da Alcaldía ao Pleno do Concello referente á periodicidade das sesións do Pleno. Expte. 1722/110 (Rexistro Pleno 3865/1101).
- 11.- Proposta da Alcaldía ao Pleno do Concello referente á creación e composición das Comisións Informativas do Pleno. Expte. 1724/110 (Rexistro Pleno 3866/1101)
- 12.- Proposta da Alcaldía ao Pleno do Concello referente ás dotacións económicas dos grupos municipais. Expte. 1723/110 (Rexistro Pleno 3868/1101)
- 13.- Proposta da Alcaldía ao Pleno do Concello referente ós cargos con dedicación exclusiva e parciais. Expte. 1725/110 (Rexistro Pleno 3869/1101)
- 14.- Proposta da Alcaldía ao Pleno do Concello referente á inclusión de Mocións de Control na orde do día das sesións ordinarias do Pleno. Expte. 1728/110 (Rexistro Pleno 3870/1101).

## ASISTENTES

## POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde  
 Aguiar Castro, Yolanda  
 Alonso Suarez, Olga  
 Aneiros Pereira, Jaime  
 Caride Estévez, María José  
 Espinosa Mangana, Elena  
 Estevez Rodríguez, Pablo Luis  
 Gomez Díaz, Gorka  
 Iglesias González, Ana Laura  
 Lago Barreiro, M.ª del Carmen  
 López Font, Carlos  
 Losada Alvarez, Abel Fermín  
 Mejías Sacaluga, Ana Maria  
 Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 Rivas González, Ángel  
 Rodríguez Calviño, Patricia  
 Rodríguez Rodríguez, Nuria  
 Silva Rego, Mª Carmen

## POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Fernández Tapias, Marta  
 Garrido Valenzuela, Irene  
 Gonzalez Abeijon, Fernando  
 Martin Peña, Jose Miguel  
 Sanchez Méndez, Mª Luisa

## POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe  
 Martinez Piñeiro, Ana  
 Pérez Igrexas, Xabier

## NON ASISTEN:

Fernández Pérez, José Manuel, concelleiro grupo municipal Socialista

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día tres de xullo do ano dous mil vinte e tres, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abalde Comesaña, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández-Tapias Núñez, Garrido Valenzuela, Gómez Díaz, González Abeijón, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 2 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Martín Peña, Martínez Piñeiro, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Pérez Iglesias, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Sánchez Méndez, e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

SR. PEREZ IGREXAS: Solicito a palabra, unha cuestión de orde.

SR. PRESIDENTE: De que se trata.

SR. PEREZ IGRXAS: Ao abeiro do artigo 55.4 para advertir de dúas cuestións. Unha que esta sesión convócase sen estar realizada a preceptiva xuntanza da Xunta de Voceiros, tal e como mandata o artigo 28, toda vez que os grupos municipais estamos debidamente constituídos no momento da comunicación sin que se teña advertido ningún erro formal.

En segundo lugar para reiterar unha serie de cuestións que xa lle trasladei nun escrito en relación a asuntos que deberan ser obxecto desta sesión plenaria de organización, exactamente no que se refire á designación de membros da Corporación no Organismo autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo que non está incluída na Orde do Día que si o estaba no Pleno de Organización do 2019, a designación de representantes nas Comisións Paritarias, e tamén consideramos dende o BNG que debera darse espazo neste Pleno en relación á designación de representantes nos organismos supramunicipais.

No caso da Xerencia Municipal de Urbanismo é especialmente grave, toda vez que o Consello da Xerencia non sesiona só como Comisión Informativa senón que ten atribucións de seu, tal e como establecen os seus propios estatutos e non nomear nesta sesión, entendemos dende o BNG, podería comprometer a constitución efectiva deste órgano.

SR. PRESIDENTE: Tomamos nota.

### **1.- DAR CONTA DO ESCRITO PRESENTADO POLOS CONCELLEIROS DA FORMACIÓN POLÍTICA DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO CONSTITUÍNDO O GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO E DESIGNANDO VOCEIRO DO GRUPO (REXISTRO PLENO 3850/1101)**

A Secretaría xeral do Pleno do Concello, mediante escrito de data 19 de xuño, en cumprimento da lexislación vixente, artigo 24 R.D. 2568/1986, solicitou ás diferentes formacións políticas que conforman a Corporación logo das eleccións municipais do pasado 28 de maio, a remisión de escrito de constitución de cada Grupo Municipal con especificación do Voceiro do mesmo e, no seu caso, Voceiro adxunto.

No expediente consta escrito de data 19.06.2023 asinado por todos os membros da formación política citada comunicando o que segue:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 3 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO Compoñentes:

- D. Filipe Abalde Comesaña
- Dª Ana Belén Martínez Piñeiro
- D. Xabier Pérez Iglesias.

- Voceiro: D. Xabier Pérez Iglesias
- Suplentes: Dª Ana Martinez Piñeiro  
D. Filipe Abalde Comesaña

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do escrito presentado polos concelleiros da formación política do Bloque Nacionalista Galego.

**2.- DAR CONTA DO ESCRITO PRESENTADO POLOS CONCELLEIROS DA FORMACIÓN POLÍTICA DO PARTIDO POPULAR CONSTITUÍNDO O GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL POPULAR E DESIGNANDO VOCEIRO DO GRUPO. (REXISTRO PLENO 3849/1101)**

A Secretaría xeral do Pleno do Concello, mediante escrito de data 19 de xuño, en cumprimento da lexislación vixente, artigo 24 R.D. 2568/1986, solicitou ás diferentes formacións políticas que conforman a Corporación logo das eleccións municipais do pasado 28 de maio, a remisión de escrito de constitución de cada Grupo Municipal con especificación do Voceiro do mesmo e, no seu caso, Voceiro adxunto.

No expediente consta escrito de data 19.06.2023 asinado por todos os membros da formación política citada comunicando o que segue:

GRUPO MUNICIPAL POPULAR Compoñentes:

- Dª Marta Fernández-Tapias Núñez.
- Dª Irene Garrido Valenzuela.
- D. Fernando González Abeijón.
- D. José Miguel Martín Peña.
- Dª Luisa María Sánchez Méndez.

Voceira: Dª Marta Fernández-Tapias Núñez

SuplenteS: Dª Luisa Maria Sánchez Méndez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 4 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

D. Jose Miguel Martín Peña

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do escrito presentado polos concelleiros da formación política do Partido Popular.

**3.- DAR CONTA DO ESCRITO PRESENTADO POLOS CONCELLEIROS DA FORMACIÓN POLÍTICA DO PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA-PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL CONSTITUÍNDO O GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL SOCIALISTA E DESIGNANDO VOCEIRO DO GRUPO. (REXISTRO PLENO 3854/1101)**

A Secretaría xeral do Pleno do Concello, mediante escrito de data 19 de xuño, en cumprimento da lexislación vixente, artigo 24 R.D. 2568/1986, solicitou ás diferentes formacións políticas que conforman a Corporación logo das eleccións municipais do pasado 28 de maio, a remisión de escrito de constitución de cada Grupo Municipal con especificación do Voceiro do mesmo e, no seu caso, Voceiro adxunto.

No expediente consta escrito de data 23.06.2023 asinado por todos os membros da formación política citada comunicando o que segue:

GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA Compoñentes:

D<sup>a</sup>. Yolanda Aguiar Castro.  
D. María Olga Alonso Suárez  
D. Jaime Aneiros Pereira.  
D. Abel Caballero Álvarez.  
D<sup>a</sup> María José Caride Estévez.  
D<sup>a</sup>. Elena Espinosa Mangana.  
D. Pablo Estévez Rodríguez.  
D. José Manuel Fernández Pérez.  
D. Gorka Gómez Díaz.  
D<sup>a</sup> Ana Laura Iglesias González.  
D<sup>a</sup> María del Carmen Lago Barreiro.  
D. Carlos López Font.  
D. Ábel Fermín Losada Álvarez.  
D<sup>a</sup>. Ana María Mejías Sacaluga.  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. Patricia Rodriguez Calviño.  
D<sup>a</sup> Nuria Rodriguez Rodriguez.  
D. María del Carmen Silva Rego.

Voceiro: D. Carlos López Font  
Suplente: D<sup>a</sup> Yolanda María Aguiar Castro



DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do escrito presentado polos concelleiros da formación política do Partido Socialista.

**4.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 19.06.2023 POLA QUE SE NOMEAN ÓS TENENTES DE ALCALDE. EXPTE. 1488/1102 (REXISTRO PLENO 3859/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 19.06.2023, que di o que segue:

“Tras das eleccións municipais do pasado 28 de maio do 2023 e constituída a nova Corporación o pasado 17 de xuño, resulta necesario proceder ao establecemento da organización municipal no que se refire á designación de tenencias da Alcaldía.

O art. 125 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, na redacción dada á mesma pola Lei 57/2003 do 16 de Decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, establece que o Alcalde poderá nomear de, entre os Concelleiros/as que formen parte de a Xunta de Goberno Local, aos Tenentes de Alcalde, que lle substituirán, pola orde do seu nomeamento, nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade

Visto o Decreto de data 19 de xuño de 2023 polo que se establece a composición da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo e de conformidade co disposto no artigo 125.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica contidas nos artigos 62 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, e artigo 22 do Real decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime Local, esta Alcaldía, RESOLVE

**PRIMEIRO.-** Nomear Tenentes de Alcalde do Concello de Vigo aos concelleiros e concelleiras membros da Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE.- D<sup>a</sup>. María del Carmen Silva Rego

SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE .- D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

TERCEIRA TENENTE DE ALCALDE.- D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana

CUARTA TENENTE DE ALCALDE:- D<sup>a</sup> María José Caride Estévez

**SEGUNDO.-** Os Tenentes de Alcalde substituirán, pola orde do seu nomeamento a esta Alcaldía nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento. Non obstante as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polos Tenentes de Alcalde sen expresa delegación realizada cos requisitos previstos no artigo 44.1 e 2 do RD



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 6 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

2568/1986, do 28 de novembro, sen prexuízo das delegacións que tivesen recaído neles na aplicación da Resolución de estrutura das áreas executivas do Goberno.

TERCEIRO.- En todo caso, cando esta Alcaldía se ausente do termo municipal por máis de vinte e catro horas sen conferir delegación, será en todo caso substituída polos/as Tenentes de Alcalde seguindo a orde do seu nomeamento, debendo dar conta desa circunstancia ao resto da Corporación.

CUARTO.- Notificar esta resolución ás/aos Ilmas/os señoras e señores Tenentes de Alcalde, facendo constar que terán que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcaldesa ou Alcalde accidental, non podendo, no citado exercicio, modificar as delegacións efectuadas por esta Alcaldía, nin outorgar outras novas.

QUINTO.- As/os Tenentes de Alcalde estarán suxeitos na súa actuación ás causas de abstención e recusación fixadas pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, causas de incompatibilidade fixadas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións públicas, Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, e demais normativa sectorial nesta materia, debendo respectar, sinaladamente, o disposto en materia de conflito de intereses na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEXTO.- Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que realice, conforme co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986.

SÉTIMO.- A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, debendo ser publicada na sede electrónica municipal en cumprimento do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

OITAVO.- Notificar a presente resolución ás Xefaturas das diferentes áreas e servizos municipais para o seu coñecemento e efectos, dando publicidade na intranet municipal.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado da Resolución da Alcaldía de nomeamento dos tenentes de alcalde.

## **5.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 19.06.2023, DE CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E NOMEAMENTO DOS SEUS MEMBROS. EXPTE. 1485/1102. (REXISTRO PLENO 3860/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 19.06.2023, que di o que segue:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 7 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

“De conformidade co disposto no artigo 126 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Xunta de Goberno Local configúrase como o órgano municipal que, baixo a presidencia do Alcalde, colabora de xeito colexiado na función de dirección política que a este lle corresponde e exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 da citada Lei e calquera outras que lle sexan delegadas.

Corresponde ao Alcalde nomear e separar libremente aos membros da Xunta de Goberno Local, número que non poderá exceder dun terzo do número legal de membros do Pleno, ademais do Alcalde. A Xunta de Goberno Local responde politicamente ante o Pleno da súa xestión de xeito solidario, sen prexuízo da responsabilidade directa dos seus membros pola súa xestión.

Segundo o exposto e estando integrada a Corporación municipal por vinte e sete membros, constituída o pasado 17 de xuño como consecuencia das eleccións locais realizadas o día 28 de maio de 2023 corresponde nomear como máximo nove membros da Xunta de Goberno Local, ademais do Alcalde.

A Secretaría da Xunta de Goberno Local corresponderá, ex artigo 126.4º LRBRL, a un dos seus membros que reúna a condición de concelleiro/a, sendo designado/a a tal efecto polo Alcalde.

Polo exposto de conformidade co establecido nos artigos 43, 52 e 53 e demais concordantes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e preceptos correspondentes da normativa anteriormente citada, esta Alcaldía, RESOLVE

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, presidida por esta Alcaldía, estará integrada polos seguintes concelleiros e concelleiras

- Dª Mª Carmen Silva Rego
- D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
- Dª Elena Espinosa Mangana
- Dª Mª José Caride Estévez
- Dª Patricia Rodríguez Calviño
- Dª Yolanda Aguiar Castro
- D. Jaime Aneiros Pereira
- D. Ángel Rivas González
- D. Carlos López Font

SEGUNDO.- Nomear secretaria da Xunta de Goberno Local a Dª Patricia Rodríguez Calviño, suplente primeiro ao concelleiro membro da mesma Yolanda Aguiar Castro e suplente segundo o concelleiro e membro da mesma, D. Ángel Rivas González, a quen



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 8 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Ile corresponderán as funcións establecidas no artigo 126.4 LRBRL, co apoio da Secretaría de Goberno Local, como titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local.

**TERCEIRO-** A Xunta de Goberno Local, previa convocatoria desta Alcaldía, realizará sesión ordinaria, con periodicidade semanal, todos os venres non festivos ás 9.00 horas da mañá.

Sen prexuízo de dita periodicidade, o Alcalde poderá modificar o día e a hora de realización das sesións, así como suspendelas, en Semana Santa, Nadal ou pola coincidencia con outros períodos festivos, así como pospoñer ou avanzar a súa realización dentro da mesma semana ou a inmediatamente posterior, cando o día de realización sexa inhábil ou concorran circunstancias especiais.

**CUARTO.-** Deixar sen efecto cantas resolucións da Alcaldía relativas á Xunta de Goberno Local se opoñan á presente resolución e en particular a Resolución da Alcaldía de data 17 de xuño de 2019 pola que se nomean os membros da Xunta de Goberno Local e se delegan atribucións neste órgano.

**QUINTO.-** De conformidade co sinalado no artigo 177 do RD 2568/1986, para que os expedientes concluídos se poidan incluír na orde do día dunha sesión deberán remitirse a Secretaría de Goberno Local cunha antelación de tres días a data de celebración da sesión da Xunta de Goberno Local.

**SEXTO.-** Os membros da Xunta de Goberno Local estarán suxeitos na súa actuación ás causas de abstención e recusación fixadas pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, causas de incompatibilidade fixadas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións públicas, Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, e demais normativa sectorial nesta materia, debendo respectar, sinaladamente, o disposto en materia de conflito de intereses na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**SÉTIMO-** Comunicar esta Resolución a todos os concelleiros e concelleiras afectados e aos xefes das diferentes áreas e servizos municipais, para o seu coñecemento e efectos, a través da súa inserción na Intranet.

**OITAVO-** A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/198 e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**NOVENO.-** Da presente resolución darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación a efectos de que quede informado da mesma, de conformidade co establecido no artigo 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

**DELIBERACIÓNS.** Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

**ACORDO.**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 9 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O Pleno da Corporación queda enterado da Resolución da Alcaldía de constitución e nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local.

**6.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 19.06.2023 POLA QUE SE ESTRUCTURA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO DE VIGO: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS. EXPTE. 1482/1102. (REXISTRO PLENO 3861/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 19.06.2023, que di o que segue:

“Trala celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e constitución da nova corporación o pasado día 17 de xuño de 2023, procede, conforme o establecido no artigo 124.4.k) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local, fixar a estrutura da Administración municipal.

As Áreas de Goberno constitúen o primeiro nivel esencial da organización municipal e comprenden, cada unha de elas, un ou varios sectores da actividade administrativa.

Pola súa banda, as Concellerías Delegadas, constituirán o segundo nivel esencial da organización municipal, e comprenden un ou varios ámbitos de competencia municipal e estarán integradas na estrutura organizativa dunha Área de Goberno.

Polo exposto Alcaldía en uso das facultades atribuídas no artigo 124.4 k) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local no establecemento da organización e estrutura da Administración municipal executiva, RESOLVE

PRIMEIRO.- A administración do Concello de Vigo, baixo a superior dirección do Alcalde, estruturase nas seguintes áreas de goberno e concellerías delegadas:

- 1.1 Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.
- 1.2. Área de Goberno de Fomento e Servizos.
- 1.3. Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude.
- 1.4. Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda.
- 1.5. Área de Goberno de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal.
- 1.6. Área de Goberno de Política Social e Turismo.
- 1.7. Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.
- 1.8. Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais.
- 1.9. Área de Portavocía.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 10 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

2. A Área de Goberno de Patrimonio Histórico Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística dirixirá e coordinará as seguintes Concellerías Delegadas:

- 2.1. Concellería Delegada de Cultura.
- 2.2. Concellería Delegada de Igualdade.

3. A Área de Goberno de Fomento e Servizos dirixirá e coordinará a seguinte Concellería Delegada:

- 3.1. Concellería delegada de Limpeza, Ciclo de Auga e Transporte.

4. A Área de Goberno de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio, Emprego, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude dirixirá e coordinará as seguintes Concellerías Delegadas:

- 4.1. Concellería Delegada de Medio Ambiente.
- 4.2. Concellería Delegada de Educación.
- 4.3. Concellería Delegada de Deportes.
- 4.4. Concellería Delegada de Xuventude.

5. A Área de Goberno Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal dirixirá e coordinará as seguintes Concellerías Delegadas:

- 5.1. Concellería Delegada de Recursos Humanos e Formación.
- 5.2. Concellería Delegada de Estudos e Análise Económico.

6. A Área de Goberno de Política Social e Turismo dirixirá e coordinará a seguinte Concellerías Delegada:

- 6.1. Concellería Delegada de Turismo.

7. Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais dirixirá e coordinará as seguintes Concellerías Delegadas:

- 7.1. Concellería Delegada de Participación Cidadá e Distritos.
- 7.2. Concellería Delegada de Comercio.

SEGUNDO.- Sen prexuízo da miña superior dirección política, goberno e coordinación dos servizos corporativos do Concello de Vigo corresponden as áreas as competencias nas materias que a continuación se relacionan, nos termos que se determinen na resolución de delegación de atribucións do Alcalde e Xunta de Goberno Local:

1.- MARÍA DEL CARMEN SILVA REGO.- Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Patrimonio Histórico, así como as relacións co Consorcio do Casco Vello de Vigo; cultura; promoción de actividades culturais; bibliotecas; Rede de museos Municipais, auditorio municipal; Coordinación dos grandes eventos da cidade (actos de cidade).

2.- FRANCISCO JAVIER PARDO ESPÍÑEIRA .- Segundo Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Fomento e Servizos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 11 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de fomento; obras públicas; planificación e execución de infraestruturas urbanas; ciclo integral da auga; transporte público; parque móbil e parque central; electromecánicos; limpeza; xestión de Residuos Sólidos Municipais; obras e servizos de mantemento necesarios no Estadio Municipal de Balaídos, agás os xestionados pola concellería de deportes.

3.- ELENA ESPINOSA MANGANA.- Terceira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de políticas de desenvolvemento local relacionadas co emprego; voluntariado; fondos europeos: patrimonio; medio ambiente; promoción da saúde; consumo; cemiterios; desenvolvemento sostible da cidade; control da contaminación atmosférica e sonora; educación; deportes; xestión de instalacións deportivas municipais; programación deportiva e eventos deportivos.

4.- MARÍA JOSÉ CARIDE ESTÉVEZ.- Cuarta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de planeamento urbanístico; xestión urbanística; licenzas; patrimonio municipal do solo; vivenda; rehabilitación e rexeneración urbana agás as competencias atribuídas a patrimonio histórico.

Adscríbese a está área o Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

5.- PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO.- Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

As competencias municipais en materia de seguridade e mobilidade; ocupación de dominio público; policía local; servizo de extinción de incendios e salvamento; protección civil; contratación; festas; programación auditorio ao aire libre de Castrelos; organización e dirección dos órganos directivos; gabinete de alcaldía; protocolo; relacións públicas; transparencia; administración electrónica; protección de datos; datos abertos; axenda urbana; obxectivos do desenvolvemento sostible; réxime interior; recursos humanos e formación; arquivos e rexistros administrativos.

6.- YOLANDA AGUIAR CASTRO.- Área de Goberno de Política Social e Turismo.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de políticas de familia e infancia; servizos sociais; atención ás persoas maiores; inmigración e drogodependencia; turismo.

7.- JAIME ANEIROS PEREIRA.- Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de planificación, fixación e desenvolvemento das directrices xerais da Área de Orzamentos e Facenda; a planificación da execución orzamentaria e o conxunto da actuación económica e financeira da Corporación; a planificación, dirección e execución da xestión tributaria municipal; a superior dirección dos Servizos de Tesourería e Recadación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 12 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

municipal e a dirección da Xestión Catastral Delegada do Concello segundo o convenio de colaboración vixente.

8.- ÁNGEL RIVAS GONZÁLEZ.- Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de zonas verdes participación cidadá; comercio; venda ambulante; actividades feriais e mercados municipais; festas especiais.

9.- CARLOS LÓPEZ FONT.- Área de Portavocía.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de relacións co pleno da corporación.

10.- ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA.- Concelleira Delegada de Limpeza, Ciclo de Auga e Transportes.

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación do respectivo concelleiro de áreas de goberno as competencias en materia relacións coa cidadanía e control da calidade nos servizos de limpeza, ciclo da auga, e transporte publico.

11.- OLGA ALONSO SUÁREZ.- Concelleira Delegada de Educación e Recursos Humanos e Formación.

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación das respectivas concelleiras de área de goberno as competencias municipais en materia de educación; recursos humanos e formación.

12.-ABEL LOSADA ÁLVAREZ.- Concelleiro Delegado de Estudos e Análise Económico.

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno as competencias municipais en materia de estudos económicos dende o punto de vista da calidade e sostenibilidade financeira dos servizos públicos.

13.- NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.- Concelleira Delegada de Medio Ambiente.-

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno as competencias municipais en materia de medio ambiente; promoción da saúde; consumo; cemiterios; desenvolvemento sostible da cidade; control da contaminación atmosférica e sonora.

14.- JOSE MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ.- Concelleiro Delegado de Deportes.

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación da concelleira da área de goberno as competencias municipais en materia de deportes; xestión de instalacións deportivas municipais; programación deportiva e eventos deportivos.

15.- PABLO LUIS ESTÉVEZ RODRÍGUEZ.- Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Distritos

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación do concelleiro de área de goberno as competencias municipais en materia de participación cidadá e distritos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 13 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

16.- MARÍA DEL CARMEN LAGO BARREIRO.- Concelleira delegada de Turismo e Xuventude.

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación das respectivas concelleiras de área de goberno as competencias municipais en materia de turismo e xuventude.

17.- GORKA GÓMEZ DÍAZ.- Concelleiro delegado de Cultura

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno as competencias municipais en materia de cultura; promoción de actividades socioculturais; bibliotecas; Rede de museos Municipais, auditorio municipal.

18.- ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ.- Concelleira delegada de Igualdade e Comercio.

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación dos respectivos concelleiros/as de área de goberno as competencias municipais en materia de igualdade; comercio; venda ambulante; actividades feirais e mercados municipais.

TERCEIRO. - As competencias nos concelleiros/as de área de goberno inclúen a facultade de dirección, planificación, e coordinación política das áreas administrativas que desenvolvan funcións no ámbito material da competencia delegada, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Así mesmo atribúese expresamente a ditos concelleiros a resolución dos recursos de reposición interpostos contra os actos por eles ditados cando sexa susceptible deste.

CUARTO.- As competencias nos concelleiros/as delegados/as inclúen as facultades de dirección interna e xestión dos ámbitos da actividade administrativa integrados na súa delegación, incluída, a facultade de formular proposta de resolucións dos decretos que deban ser adoptados polo concelleiro/a de área de goberno e conformar, xunto con este, o informe-proposta dos acordos que se eleven a Alcaldía, á Xunta de Goberno Local ou Pleno, para súa aprobación.

QUINTO.- Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEXO.- As facultades que poderán exercer os Concelleiros/as de área de goberno e concelleiros/as delegados en relación coas atribucións obxecto de delegación serán as que correspondan ao órgano delegante reservándose, non obstante, esta Alcaldía, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de avogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

SÉTIMO.- Esta Alcaldía deberá recibir información detallada da xestión das competencias encomendadas e dos actos ditados en virtude das delegacións conferidas, así mesmo deberá ser informada previamente á adopción de decisións de transcendencia, nos termos que por esta se determinen.

OITAVO.- As precedentes delegacións deberán ser aceptadas por parte dos concelleiros, entendéndose aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles non fai expresa manifestacións rexeitando a delegación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 14 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

NOVENO. Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

DÉCIMO.- Notificar a presente Resolución a todos/as os concelleiros e concelleiras e membros da Xunta de Goberno Local afectado/as.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

DÉCIMO SEGUNDO.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

DÉCIMO TERCEIRO.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado da Resolución da Alcadía pola que se estrutura a Administración do Concello.

## **7.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 20.06.2023, POLA QUE SE DELEGAN COMPETENCIAS DO ALCALDE NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. EXPTE. 1484/1102 (REXISTRO PLENO 3862/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcadía, de data 20.06.2023, que di o que segue:

“De conformidade co disposto no artigo 126 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), a Xunta de Goberno Local configúrase como o órgano municipal que, baixo a presidencia do Alcalde, colabora de xeito colexiado na función de dirección política que a este lle corresponde, exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 da citada Lei e calquera outras que lle sexan delegadas.

A Xunta de Goberno Local responde politicamente ante o Pleno da súa xestión de xeito solidario, sen prexuízo da responsabilidade directa dos seus membros pola súa xestión.

O artigo 124.5 da LRBRL determina que o Alcalde poderá delegar na Xunta de Goberno Local mediante resolución unha serie de competencias das enumeradas no apartado 4, aos efectos dunha mellor organización administrativa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 15 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Polo exposto, de conformidade co establecido nos artigos 43, 52 e 53 e demais concordantes do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e preceptos citados da Lei 7/1985, na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, así como nos artigos 8 a 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, esta Alcaldía RESOLVE

**PRIMEIRO.-** A Xunta de Goberno Local, sen prexuízo da súa colaboración colexiada coa Alcaldía na dirección política que me corresponde, exercerá as funcións executivas e administrativas sinaladas no artigo 127 da Lei 7/1985 e ademais, pola miña delegación, as seguintes atribucións:

1. A formulación de solicitudes de subvencións a outras administracións ou organismos público e aceptación da súa concesión
2. A aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividades e/ou servizos de competencia municipal, mesmo as que se realicen para a dirección e impulso dos servizos.
3. O exercicio de accións xudiciais e administrativas na materia das atribucións delegadas e, en caso de urxencia, en materia de competencia do pleno, dando, neste suposto, conta a aquel na primeira sesión que se celebre para su ratificación.
4. A facultade de revisión de oficio dos actos da Alcaldía
5. Tomar coñecemento de cantas resolucións xudiciais recaian en procesos xurisdiccionais nos que forma parte o Concello, agás aquelas das que se deba dar conta ao Pleno ou ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo e aquelas que conleven o pagamento dunha cantidade determinada ou líquida.
6. A competencia para a adopción dos acordos municipais que se precisen relativos á adaptación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) e ao Esquema Nacional de Seguridade (ENS), así como en materia de Protección de Datos e Administración Electrónica, sen prexuízo das competencias executivas atribuídas á Concellería de Área de Goberno.
7. A aprobación dos convenios con outras Administracións e entidades públicas e privadas ou adhesión aos mesmo agás que a súa aprobación corresponda ao Pleno. Ditas facultades estenderanse ao Protocolos Xerais de actuación ou calquera outro instrumento similar.
- 8.- A adopción do acordos para dar cumprimento ás obrigas respecto do “Sistema interno de información” establecidas na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción”

**SEGUNDO.-** As facultades que poderá exercer a Xunta de Goberno Local en relación coas atribucións obxecto de delegación serán as propias que corresponden ao órgano delegante, reservándose, non obstante, esta Alcaldía, conforme co establecido nos artigos 44.1 e 116 do RD 2568/1986, a facultade de avocar en todo momento as atribucións sobre calquera asunto ou atribución delegada aínda cando se atope en trámite de debate no seo da Xunta de Goberno Local.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 16 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



TERCEIRO.- As propostas de acordo que se formulen á Xunta de Goberno Local deberán estar conformadas polo concelleiro delegado xunto con concelleiro de área de goberno e indicarán expresamente esta delegación así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

CUARTO.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do RD 2568/1986, agás no relativo aos recursos de reposición e aos extraordinarios de revisión que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados en exercicio de atribucións delegadas que serán resoltos pola propia Xunta de Goberno Local.

QUINTO.- Comunicar, para o seu coñecemento e efectos, a presente resolución a todos os concelleiros e concelleiras afectados e ás xefaturas das diferentes áreas e servizos municipais a través da súa inserción na Intranet municipal.

SEXTO.- Deixar sen efecto cantas resolucións da Alcaldía de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local se opoñan á presente resolución.

SÉTIMO.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ó establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986, e será obxecto de publicidade activa no portal de transparencia conforme ao disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

OITAVO.- Da presente resolución darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado da Resolución da Alcaldía pola que se delegan competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

**8.- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 22.06.2023 POLO QUE SE DELEGAN COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS. EXPTE. 1483/1102. (REXISTRO PLENO 3863/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, sesión extraordinaria e urxente de data 22.06.23, que di o que segue:

“2.- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELLEIROS DELEGADOS DE ÁREA DE GOBERNO E NOS CONCELLEIROS DELEGADOS. EXPTE. 1483/1102.

Dáse conta da proposta de data 22/06/2023, asinada pola secretaria de Goberno local e polo alcalde, que di o seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 17 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O Concello de Vigo, pola súa poboación e entidade como cidade configúrase como un municipio de gran poboación dende a entrada en vigor da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Dito marco normativo distingue unha especial estrutura de goberno para este tipo de Concellos, atribuíndo á Xunta de Goberno Local, fronte aos de réxime común, a natureza de órgano colexiado executivo que, baixo a presidencia do Alcalde, colabora de xeito colexiado na función de dirección política que a este lle corresponde, exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 da citada Lei 7/85, do 2 de abril das bases de réxime local (LRBRL), e calquera outras que lle sexan delegadas. A dita atribución normativa deriva na asignación dun relevante núcleo de competencias propias recollido no artigo 127 LRBRL, cun claro impacto na xestión diaria dos asuntos de interese municipal.

As dinámicas de funcionamento municipal, a necesidade de imprimir axilidade na tramitación e, no seu caso, na resolución dos expedientes administrativos, fan aconsellable delegar en órganos de xestión unipersonal unha serie de competencias en aras dunha mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregados, de tal xeito que, de conformidade coas competencias atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 124 LRBRL e demais normativa de aplicación, formulo á Xunta de Goberno Local a seguinte

#### PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Delegar nos concelleiros/as de Área de Goberno as seguintes atribucións da Xunta de Goberno Local que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área que se detallan de seguido:

I.- Na de Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.

##### En materia de Igualdade,

1. Concesión das axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto.

II.- Na Concellería de Área de Goberno de Fomento e Servizos

##### En materia de Fomento

1. Autorizar as obras e a ocupación de vía pública con motivo de realización de obras que se deban realizar para o funcionamento dos servizos, agás nos casos en que tal facultade corresponda a outro órgano.
2. Aprobar o Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a consideración de mera execución do contrato; emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa.
3. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos de obras



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 18 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

4. Aprobar a ampliación do prazo de execución das obras e a suspensión dos contratos de obras.
5. Aprobación de todo os proxecto de obras, excluindo as memorias valoradas que serán aprobadas polas titulares das concellería de área de goberno.
6. Adopción do acordo de ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público (artigo 243.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos ou normativa de aplicación).
7. Acordar a continuación provisional das obras tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa cando a suspensión temporal total execución das obras ocasione graves prexuízos para o interese público nos termos do previsto no artigo 242.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos , ou normativa de aplicación.
8. Resolución do expediente de danos e perdas con motivo da suspensión dos contratos de obras
9. Outorgar a autorización de uso e concesión de licenza de actividades recreativas ou espectáculos públicos de carácter extraordinaria que se celebren Municipal de Balaídos.
10. A tramitación e resolución dos expedientes de revisión de prezos extraordinarios regulado no Real Decreto Lei 3/2022, de 1 de marzo.
11. Outorgar as autorizacións para a colocación de anuncios publicitarios nos soportes das instalacións de iluminación pública previstos na Ordenanza municipal reguladora das instalacións de iluminación exterior

En materia de Transportes

1. Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas as seguintes medidas:
  - a) Reserva de estacionamento e paradas
  - b) Reservas especiais para persoas con discapacidade
2. Iniciar, impulsar e resolver expedientes, mesmo sancionadores, en materia de transporte en xeral e especialmente en materia do taxi, sen prexuízo das atribucións competenciais que poida dispoñer a normativa sectorial na materia.
3. Outorgar as autorizacións en materia de transporte escolar, licenzas de taxi, así como cantas outras fosen necesarias para o desenvolvemento da actividade de transporte en todos os seus ámbitos.

III.- Terceira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude.

En materia de Emprego

A tramitación dos contratos laborais polos procedementos legalmente establecidos, formalización e extinción da relación laboral, agás a que sexa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 19 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

consecuencia de despedimento disciplinario das persoas que participan nos distintos programas de emprego.

#### En materia de Patrimonio

1. A xestión económica para tramitación e abono das cotas das Comunidades de Propietarios as que pertenza o Concello de Vigo, agás as correspondentes á Xerencia Municipal de Urbanismo.
2. A xestión e aprobación das operacións rexistradas de agrupación, división, agregación, e segregación de fincas de titularidade municipal; así como o inicio e resolución dos procedementos administrativos para a reanudación do trato sucesivo interrompido, supostos de dobre inmatriculación, excesos de cabida, cancelacións ou rectificacións de asentos, e demais procedementos de modificacións rexistradas, de acordo coa lexislación hipotecaria, e referente aos bens e dereitos municipais inscritos. Exceptúanse, os bens pertencentes ao Patrimonio Público do Solo e, no seu conxunto, todas aquelas operacións ou procedementos rexistrados que resulten da actividade urbanística exercida pola Xerencia Municipal de Urbanismo, no ámbito das súas competencias.
3. A aprobación e autorización dos expedientes de gastos derivados da competencia desta Concellería en relación coa xestión do Pazo de Congressos Mar de Vigo

#### En materia de Medio Ambiente

Outorgar as preceptivas licenzas para a tenza de animais potencialmente perigosos, a súa inscrición no Rexistro municipal, así como calquera outra atribución en relación coa tenza de animais potencialmente perigosos que sexa delegable.

#### En materia do Zoolóxico municipal

Resolución de cesións e aceptacións gratuítas de animais -sen valor económico-.

#### En materia de Cemiterios

1. Outorgar as autorizacións en materia de policía sanitaria mortuoria, conforme co disposto na normativa de aplicación (transmisión de panteóns, nichos, cinceiros..).
2. Instrución e resolución de expedientes de autorización para o exercicio da actividade funeraria dentro do termo municipal de Vigo, agás ás referidas ao exercicio de dita actividade con establecemento.

IV.- Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

#### En materia de Seguridade

1. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 20 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

2. Outorgar as autorizacións de ocupación da vía ou espazo público de titularidade municipal previo informe do servizo que proceda no ámbito das súas competencias sempre e cando a autorización/licenza non estea suxeita ao réxime de concorrencia e non estea atribuída pola especialidade da materia a outra área delegada.
3. Outorgar a autorizacións as entradas de carruaxes dende a vía pública (licenzas de vado), así como os aproveitamentos especiais sobre o dominio público consistente no tránsito de vehículos ata os edificios e instalacións e viceversa, de conformidade co previsto na normativa xeral de aplicación e segundo o disposto nas disposicións de carácter xeral municipais.
4. Outorgar as autorizacións das cacharelas de San Xoán e queima de material pirotécnico, de conformidade co disposto na normativa reguladora da materia.
5. Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas acordo de:
  - a) Reserva de estacionamento e paradas
  - b) Reservas especiais para persoas con discapacidade
  - c) Concesión de licenzas de terraza na vía pública anexas ao establecemento aberto ao público agás a aprobación dos proxectos en rúas peonís, prazas e outros espazos asimilables segundo o disposto no artigo 19 da Ordenanza municipal reguladora da instalacións de terrazas en espazos de uso público do Concello de Vigo.
6. Outorgar as autorizacións de ocupación de dominio público con motivo da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que con carácter ocasional se leven a cabo en vías ou espazos público de titularidade municipal, sempre que non estean suxeitas ao réxime de concorrencia e non estean atribuídas pola especialidade da materia a outra área delegada.
7. Concesión de licenza de actividades recreativas ou espectáculos públicos de carácter extraordinario que se celebren en vías ou espazos público.
8. As facultades inherentes ao réxime de control administrativo respecto de actividades recreativas ou espectáculos públicos que se celebren en vías ou espazos públicos.
- 9.- Instruír e resolver os expedientes de recuperación posesoria daquelas superficies integrantes da rede viaria municipal ocupadas sen título habilitante, en materias da competencia desta Área de Goberno e Administración Municipal.

#### En materia de Contratación

1. A programación da actividade contractual, propoñendo a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.
2. A xestión prevista na normativa en materia de desindexación da economía española, para poder fixar a revisión periódica e predeterminada dos prezos do mesmo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 21 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

3. A aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas.
4. A aprobación da ampliación e modificación de prazos e outorgamento de prazos extraordinarios en expedientes de contratación para presentar ofertas ante posibles fallos técnicos, de interconexión entre as diversas plataformas que se empregan na contratación que poidan xerar problemas coa información que se lle facilita aos licitadores ou dificultades de estos á hora de presentalas súas ofertas electronicamente.
5. A aprobación da proposta de clasificación de licitadores formulada polo órgano correspondente.
6. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos salvo nos contratos de obras.
7. Resolver a exclusión dos licitadores cuxas ofertas inclúan valores anormais que impidan o seu cumprimento, e así se teña declarado pola Mesa de Contratación tras da tramitación do procedemento previsto na normativa de aplicación.
8. Exercicio das competencias, relativas á corrección de erros materiais ou aritméticos e a modificación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares sempre e cando non impliquen modificacións significativas consonte ó previsto no artigo 136.2 da LCSP ou normativa de aplicación.
9. Exercicio das competencias en materia de consultas preliminares de mercado (artigo 115 da LCSP)
10. Incoación de expedientes de resolución de contratos.
11. Resolución de solicitude de confidencialidade das ofertas
12. Solicitar de ofertas de acordos marco das Central de Contratación ás que se adhira o Concello.
13. A competencia para actuar en representación da Xunta de Goberno Local intervindo como responsable de operación na análise *ex ante* de risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia.

#### En materia de Recursos Humanos

1. A concesión dos permisos e licenzas de todo o persoal municipal
2. O recoñecemento do grao persoal e trienios.
3. Aprobación dos devengos retributivos derivados dos supostos de encomendas de funcións, acumulacións de tarefas, acumulación temporal de postos de traballo, produtividade e gratificacións por servizos especiais e extraordinarios, nocturnidade e festividade, nos termos do disposto nos actos administrativos de autorización ou aprobación dos ditos conceptos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 22 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

4. A aprobación dos criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade, dando conta ao órgano delegante.
5. A declaración de situacións administrativas e xubilación do persoal municipal, autorización do reingreso ao servizo activo e a rehabilitación na condición de funcionario.
6. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local, agás no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios, materia esta competencia da área de Seguridade.
7. A aprobación e autorización de gastos en materia de persoal con cargo ao Capítulo I de gastos dos orzamentos municipais, así como dos gastos e indemnizacións que se tramiten pola Área de Recursos Humanos e Formación como centro xestor, excepto aqueles gastos que se correspondan coa selección, nomeamento, contratación ou prórroga de vínculo de servizo ou laboral de efectivos ao servizo do Concello de Vigo, cuxa autorización será competencia da Xunta de Goberno Local.
8. A execución de sentenzas, autos e demais resolucións xudiciais, provisionais ou firmes, en materia de persoal, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
9. Execución dos requirimentos efectuados pola Inspección de Traballo e polas Entidades xestoras e Administración da Seguridade Social en materia laboral, en materia de Seguridade Social e no que respecta á actividade de Prevención de Riscos Laborais, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
10. *Decisión sobre a interposición de recurso xudicial fronte a resolucións xudiciais non firmes en materia de persoal, previo informe sobre viabilidade xurídica do recurso que se emita pola Asesoría Xurídica Municipal.*
11. Acordos en materia de reasignación e redistribución de efectivos, provisión extraordinaria e urxente de postos de traballo existentes na Relación de Postos de Traballo municipal, traslados, cambios de adscripción e remoción do persoal.

#### En materia de SPPRL

1. Fixar os mecanismos para a coordinación entre as distintas Áreas e Servizos do Concello de Vigo e entre estes e o SPPRL (Área de Recursos Humanos e Formación) a fin de integrar a prevención.
2. Nomear as figuras e/ou persoas que teñen asignada por lei funcións e responsabilidades concretas en materia de seguridade e saúde laboral -recursos preventivos, traballadores designados, traballadores autorizados ou cualificados, propostos por cada concellería delegada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 23 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

3. A aprobación dos procedementos de traballo seguro, as instrucións de traballo seguro, circulares informativas e os documentos de seguridade específicos en materia de seguridade e saúde laboral propostos por cada concellaría-delegada e/ou polo SPPRL.

#### V. Área de Goberno de Política Social e Turismo.

##### En materia de Política de Benestar social.

1. Concesión das axudas para atención a persoas físicas, familias e unidades de convivencia, sempre e cando estas non excedan de 12.000 euros ano a cada beneficiario, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto
2. Resolver as solicitudes de prestación dos servizos de teleasistencia domiciliar municipal e axuda no fogar e demais solicitudes de prestacións individuais para a prevención, asistencia e promoción social, para aqueles gastos previamente autorizados e comprometidos pola Xunta de Goberno Local.

#### VI. Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.

1. O recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos.
2. Autorizar a devolución de fianzas derivadas das relacións contractuais, de ocupación de dominio público pola organización de eventos, as depositadas por débedas tributarias recurridas e calquera outras que se poideran ter depositado na Tesourería municipal.
3. Concertación de operacións de tesourería, cando o importe das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos liquidados no exercicio anterior.
4. En xeral, a xestión económica agás, os actos de autorización e disposición do gasto atribuída á Xunta de Goberno Local.

#### VII.- Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais.

##### En materia de parques e xardíns

1. Outorgar as autorizacións de talas e traslado de arbolado o masas arbóreas, así como as ocupacións nas zonas verdes públicas.
2. A dirección e coordinación do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, facultado para a adopción de cantas medidas de impulso, desenvolvemento e execución resulten precisas.
3. A competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten en relación coas competencias municipais en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos en dito ámbito, así como a tramitación e adxudicación dos contratos menores, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adxudicacións acordadas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 24 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



En materia de Comercio

1. Outorgar as autorizacións para o exercicio da venda ambulante, de acordo coa ordenanza municipal e as demais normas previstas na lexislación vixente na materia.
2. Outorgar cantas autorizacións e permisos resulten atribuídos ao Concello pola normativa sectorial, estatal ou autonómica, en relación coa actividade venda minorista, agás ás referidas ao exercicio da dita actividade con establecemento.

SEGUNDO.-Así mesmo todos os/as concelleiros/as de Áreas de Goberno exercerán, por delegación desta Xunta de Goberno Local e con carácter xenérico, as seguintes atribucións:

1. O exercicio e resolución de cantos expedientes deriven do exercicio da potestade sancionadora que lle fosen legalmente atribuídos a esta Xunat de Goberno Local e a adopción, no seu caso, de cantas medidas provisionais fosen necesarias.
2. Ditar resolucións e prestar a súa conformidade ás certificacións ou actas de recepción de obras, subministros, servizos ou asistencia técnicas relacionadas directamente coa xestión da súa área, comprendendo no caso de aprobación das certificacións finais, a autorización da ampliación do gasto cos límites que no seu caso establecidos.
3. Aprobar a autorización do inicio da prórroga dos contratos da súa Área.
4. A adxudicación dos procedementos abertos simplificados de tramitación abreviada previsto no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, así como a resolución de cantas incidencias poidan xurdir na fase de tramitación.
5. A tramitación e adxudicación dos contratos menores no ámbito das concellerías delegadas conforme a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos conlevando a autorización e/ou disposición de gasto. Dita competencia abarcará a resolución de calquera incidencias respectos dos efectos, cumprimento e extinción de ditos contratos.
6. A iniciación dos expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas delegadas así como a resolución de calquera incidencia que xurda durante a súa tramitación con carácter previo a aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación pola Xunta de Goberno Local
7. Efectuar a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos das súas áreas ditando ao efecto as ordes e instrucións que se estimen oportunas e proponendo, no seu caso, ao órgano de contratación a apertura do procedemento sancionador ante posibles incumprimentos.
8. Autorizar as comisións de servizo con dereito a indemnización do persoal adscrito á súa área cando a duración das mesmas non sexa superior a cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar a comisión de servizos co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata disto á Concellería de delegada en materia de Recursos Humanos e Formación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 25 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

9. Autorizar, cando estean directamente relacionados coa función pública, a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento do persoal da súa área, de conformidade coas normas establecidas nas bases de execución do orzamento sempre e cando a duración do curso non supere os cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar o dereito á formación co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata á Concellería de delegada en materia de Recursos Humanos e Formación.
10. Conformar o cadro de vacacións anuais que elabore a Xefatura de Área ou Servizo encadrada en cada Concellería, e remitilo á Área de Recursos Humanos e Formación nos prazos establecidos aos efectos oportunos.
11. Coordinar a tramitación dos expedientes da súa competencia naqueles casos nos que afecte a outras Concellerías, solciitando a emisión de informes das distintas áreas e a realización de cantas actuacións resulten necesarias para a conclusión dos expedientes.
12. Delegar nos/nas Concelleiros/as de Área de Goberno, para o seu concreto ámbito competencial e dentro da estrutura da súa área, as competencias en materia de seguridade e saúde laboral, agás as que estean atribuídas expresamente a outros órganos de goberno.
13. Dar debido e efectivo cumprimento ao contido dos requirimentos, mandamentos e exhortos xudiciais provenientes das autoridades xudiciais e da Inspección de Traballo en materia de seguridade e saúde laboral que correspondan ás operacións e actividades que se realizan na área de goberno da súa competencia, adoptando as medidas ordenadas nos mesmos, e dando conta á Xunta de Goberno Local. En materia de recursos humanos esta competencia corresponderá á Concellería Dda de Organización Municipal
14. A expedición de certificacións de silencio administrativo en relación cos expedientes obxecto de tramitación na súa Área delegada.
15. A facultade de revisión de oficio reguladas na normativa aplicable en materia de Procedemento Administrativo Común, cando o acto obxecto de revisión se tivese ditado en virtude de competencias delegadas pola Xunta de Goberno Local.
16. Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración interinstitucional con Administracións Públicas e institucións, universidades, centros de ensino, escolas de administración pública; en materia formativa de empregados públicos, órganos directivos e cargos electos locais, así como de convenios de colaboración e/ou formación para a realización de prácticas no Concello de Vigo.

TERCEIRO.- \_ Delegar nos concelleiros/as delegados en asuntos de competencia da Xunta de Goberno Local e no ámbito da súa delegación as atribucións relativas a incoación de expedientes , sinatura de memoria xustificativa dos contratos menores, informe da necesidade de contratación e calquera acto trámite, xa sexa de ordenación ou instrución. Así mesmo atribúese aos concelleiros/as delegados a facultade de conformar o cadro de vacacións anuais que elabore a Xefatura de Área ou Servizo encadrada en cada Concellería, e remitilo á Área de Recursos Humanos e Formación nos prazos establecidos aos efectos oportunos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 26 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

CUARTO.- Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

QUINTO Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

SEXTO.- As facultades que poderán exercer os concelleiros de Área de Goberno en relación coas atribucións obxecto de delegación serán, na súa integridade, as que correspondan ao órgano delegante, reservándose, non obstante, esta Xunta de Goberno Local, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de revogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

SÉTIMO- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 115 a 118 do RD 2568/1986, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, agás no relativo aos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resolto polos propios concelleiros de Área.

OITAVO.- A Xunta de Goberno Local exercerá o control sobre o desenvolvemento e execución das competencias delegadas mediante a solicitude de informe cando o consideren axeitado baixo os parámetros que no marco da súa potestade de autoorganización determine.

NOVENO- Notificar a presente resolución a todos/as os/as Concelleiros/as afectados/as para o seu coñecemento e efectos.

DÉCIMO.- Comunicar a presente resolución aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

DÉCIMO PRIMEIRO.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

DÉCIMO SEGUNDO.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

#### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

ACORDO.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 27 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O Pleno da Corporación queda enterado do acordo da Xunta de Goberno Local polo que se delegan competencia da Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as delegados.

**9.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 20.06.23, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS XENÉRICAS EN CONCELLEIROS DE ÁREA DE GOBERNO E CONCELLEIROS DELEGADOS. EXPTE. 1491/1102 (REXISTRO PLENO 3864/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 20.06.2023, que di o que segue:

“Por Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2023 estableceuse o número , denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal.

As dinámicas de funcionamento municipal fan aconsellable delegar competencias nos concelleiros/as de área e concelleiros delegados en aras dunha mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregados, de tal xeito que, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía –art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais esta Alcaldía

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Delegar nos concelleiros delegadas da área de goberno as seguintes atribucións do Alcalde, que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área e sen prexuízo das competencias delegadas especificamente noutros órganos

a) Establecer as directrices xerais de goberno no ámbito competencial da área respectiva e impulsar as políticas públicas municipais no ámbito das competencias das súas respectivas Áreas de goberno

b) A garantía do cumprimento das Ordenanzas, Regulamentos e demais disposicións legais de aplicación no municipio, que afecten o ámbito competencial das súas respectivas Áreas.

c) A sinatura dos Decretos e Resolucións en virtude dos expedientes tramitados no ámbito da área cada Delegación, incluíndo, no seu caso, a resolucións de arquivo, aceptación da renuncia ou desistimento declaración de caducidade, acumulación, ampliación de prazo

g) O exercicio e resolución de cantos expedientes deriven do exercicio da potestade sancionadora que lle fosen legalmente atribuídos a esta Alcaldía e a adopción, no seu caso, de cantas medidas provisionais fosen necesarias.

h) A resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra os actos que diten no exercicio das súas competencias, así como a revogación e rectificación de erros nos termos establecidos no artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 28 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

i) Autorización e disposición de gastos en materia das competencias delegadas, a prestación da conformidade ás certificacións de obras ou a calquera outro documento xustificante da entrega de subministracións ou de prestación de servizos relacionadas directamente coa xestión da súa Área.

j) O impulso, execución, coordinación e tramitación dos expedientes relativos á c axudas, subvencións e convenios relativos ao ámbito material da competencia delegada, incluída, en relación cos convenios, a súa formalización e sinatura dos mesmos agás os que revistan unha especial relevancia institucional apreciada polo Alcalde que se reservarán a súa sinatura. Ditas facultades estenderanse aos Protocolos Xerais de actuación ou calquera outro instrumento similar.

k) En materia de subvencións, a instrución do procedementos de concesión de subvencións e reintegros así como a comprobación da xustificación da subvención;

l) A orde de expedición e visto e prace das certificacións das resolucións de órganos unipersonais e documentación obrante na área delegada.

m) A resolución das solicitudes formuladas polos concelleiros/as no exercicio do seu dereito á información que se remitirá a través da Secretaría Xeral de Pleno

n) Outorgar as autorizacións de uso puntuais previstas nos artigos 89 e 90 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas que amparen a utilización dos bens e dereitos adscritos á área de goberno.

o) Ordenar a publicación, execución e cumprimento dos acordos dos órganos executivos do Concello no ámbito da súa delegación.

p) A competencia para a fixación dos servizos mínimos no suposto de folgas que afecten aos servizos públicos que presta o Concello de Vigo e o seu Organismo Autónomo agás as relativas ao persoal empregado público.

**SEGUNDO.-** Delegar nos concelleiros/as da área de goberno e nos concelleiros/as delegados as seguintes atribucións do Alcalde que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área e sen prexuízo das competencias delegadas especificamente noutros órganos

- Dirección interna e xestión dos ámbitos da actividade administrativa integrados na súa delegación.

- A incoación de expedientes en materias relacionadas coa delegación, e calquera acto trámite, xa sexa de ordenación ou instrución, incluíndo o requirimento de mellora das solicitudes presentadas e a sinatura da dilixencia de remisión dos asuntos concluídos para súa aprobación pola Xunta de Goberno Local ou Pleno en sesión ordinaria e mesmo extraordinaria.

**TERCEIRO.-** Delegar, indistintamente, a facultade atribuída á Alcaldía para a celebración de matrimonios e outorgamento da cartas de cidadanía para a infancia de Vigo a calquera concelleiro da Corporación, cando non se proceda a oficiar dito acto pola esta Alcaldía

**CUARTO.-** Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 29 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

QUINTO Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

SEXTO Notificar a presente Resolución a todos/as os concelleiros e concelleiras e membros da Xunta de Goberno Local afectado/as.

SÉTIMO.- Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

OITAVO.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

NOVENO.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do acordo da Xunta de Goberno Local polo que se delegan competencia da Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as delegados.

## **10.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DO CONCELLO REFERENTE Á PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO. EXPTE. 1722/110 (REXISTRO PLENO 3865/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 28 de xuño de 2023, a Alcaldía-Presidencia somete a consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo:

“Como consecuencia da constitución da nova Corporación xurdida tralas eleccións locais do 28 de maio, de conformidade co previsto nos artigos 38 a. e 78.1 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e segundo establece o artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local o Pleno ten que resolver sobre a periodicidade das súas sesións que, como mínimo, deberán ser mensuais.

De conformidade coa normativa exposta esta Alcaldía somete á consideración do Concello-Pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, órgano de máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal, previa convocatoria efectuada ó efecto por esta Alcaldía, realizará sesións ordinarias no “Salón de Sesións da Casa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 30 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Consistorial” todos os últimos luns non festivos de cada mes ás 9.00 horas en primeira convocatoria e dous días despois á mesma hora en segunda.

Segundo.- Facultar á Alcaldía para suspender a realización da sesión ordinaria correspondente ó mes de agosto, como consecuencia do período de vacacións, así como pospoñer ou adiantar a realización doutras sesións ordinarias, dentro do mesmo mes ou nos primeiros tres días do seguinte, cando o día fixado sexa feriado ou se atope dentro dun período festivo.

Terceiro.- Por causas extraordinarias, previa comunicación á Xunta de Voceiros, a Alcaldía poderá adiantar ou atrasar a sesión ata un máximo de 72 horas, aínda que non se dean as circunstancias previstas no parágrafo anterior.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ós Voceiros dos grupos políticos municipais e proceder a súa publicación na páxina web municipal.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR DO BNG: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e dezaoto votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, acórdase rexeitar as emendas.

VOTACIÓN DO FONDO.- Con dezaoto votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a proposta da Alcaldía, de data 28 de xuño de 2023, relativa á periodicidade das sesións do Concello Pleno, que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

## **11.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DO CONCELLO REFERENTE Á CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS DO PLENO. EXPTE. 1724/110 (REXISTRO PLENO 3866/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 28 de xuño de 2023, a Alcaldía-Presidencia somete a consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 31 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

“En data 28 de xullo de 2023 formulouse proposta da Alcaldía de creación e composición de comisións informativas na que propón, no seu apartado sexto, que as sesións de ditos órganos, agás a Comisión de Urbanismo (Consello da Xerencia) realizaranse con carácter mensual os penúltimos mércores non festivos de cada mes.

Visto que segundo a proposta de periodicidade de sesión de pleno este realizará sesións ordinarias todos os últimos luns non festivos de cada mes procede modificar a proposta de creación e composición de comisións informativas ao obxecto de garantir a correcto desenvolvemento das Comisións e do Pleno de xeito que, en lugar do penúltimos mércores non festivos de cada mes,proponse a súa realización os penúltimos luns non festivos de cada mes.

E por isto polo que se propón a modificación da proposta da Alcaldía de creación e composición de comisións informativas resultando o seguinte

#### PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DO CONCELLO CREACIÓN E COMPOSICIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS (Expte. 1724/110)

Como consecuencia da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio esta Alcaldía, mediante Resolución de data 19 de xuño, acordou a estruturación dos servizos corporativos do Concello en diferentes Áreas, neste mesmo sentido o artigo o artigo 124.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, indica que o Concello-Pleno, a proposta do Alcalde, acordará o número e denominación das Comisións Informativas, hoxe Comisións do Pleno, distribuíndo entre elas as materias que se someterán a este órgano procurando, no posible, a súa correspondencia co número e denominación das grandes Áreas nas que están estruturados os servizos corporativos. Por outra banda o artigo 122.3) parágrafo segundo da LBRL, advirte que a composición das Comisións se acomodará á proporcionalidade existente entre os distintos grupos municipais da Corporación.

Así mesmo o artigo oitavo dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo dispón que Consello da Xerencia con atribucións resolutorias e de estudo, informe e consulta e proposta dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do pleno e da Xunta de Goberno local, estará formado polo Presidente e polos membros que serán concelleiros, nomeados polo Pleno, a proposta do grupos políticos municipais, en proporción a representación de cada un deles na Corporación Municipal.

De conformidade coa devandita lexislación esta Alcaldía somete á consideración do Concello-Pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Crear as Comisións do Pleno que a seguir se citan

- Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística
- Fomento e Servizos
- Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude
- Urbanismo e Vivenda
- Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal
- Política Social e Turismo
- Orzamentos e Facenda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 32 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



- Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais.

De conformidade do sinalado no Regulamento Orgánico do Pleno existe tamén a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións.

Segundo.- Sen prexuízo do superior control do Pleno as Comisións realizan o seguimento da xestión do Alcalde e do seu equipo de goberno e aquelas outras funcións que o Pleno lles delegue, así mesmo emitirán Ditame sobre os seguintes asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno:

Comisión de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, ditaminará os asuntos referentes ás materias citadas.

Comisión de Fomento e Servizos, ditaminará os asuntos referentes ás materias citadas.

Comisión de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude ditaminará os asuntos referentes ás materias citadas.

Comisión de Urbanismo e Vivenda, ditaminará os asuntos referentes ás materias citadas. Será o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo quen actúe como Comisión do Pleno en materia de Urbanismo e Vivenda; sen prexuízo das atribucións estatutarias conferidas a este órgano o Consello ditaminará cantos asuntos en materia urbanística, e outras de carácter conexo, teñan que ser sometidos á decisión do Pleno do Concello.

Comisión de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, ditaminará os asuntos referentes ás materias citadas.

Comisión de Política Social e Turismo, ditaminará os asuntos referentes ás materias citadas.

Comisión de Orzamentos e Facenda, ditaminará os asuntos referentes ás materias citadas. Actuará como Comisión Especial de Contas.

Comisión de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, ditaminará os asuntos referentes ás materias citadas.

Terceiro.- A Presidencia da Comisión Informativa de Urbanismo e Vivenda (Consello da Xerencia) corresponde o alcalde que poderá delegala na Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo.

A Presidencia de tódalas demais Comisións corresponderalle ó alcalde que poderá delegar a presidencia efectiva, a proposta da Comisión, en calquera membro da mesma trala correspondente elección efectuada no seu seo. Cada Comisión terá un Presidente e un Vicepresidente, que serán elixidos entre os seus membros pola propia Comisión na súa sesión constitutiva e nomeados posteriormente polo Presidente do Pleno, quen poderá exercer a presidencia de dita sesión ou delegala en calquera dos seus membros.

Nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento do Presidente e Vicepresidente de cada unha das Comisións do Pleno, a Presidencia será asumida polo membro titular do mesmo Grupo Político ao que pertenza o Presidente, atendendo á orde do seu nomeamento na respectiva Comisión.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 33 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Cuarto.- Cada Comisión estará integrada por NOVE concelleiros/as.

Nas Comisións do Pleno Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística; Urbanismo e Vivenda; Orzamentos e Facenda, sete representarán ó Grupo Municipal Socialista; un ó grupo municipal Popular e un ó Grupo Municipal do BNG.

Nas Comisións do Pleno de Fomento e Servizos; Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude;Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal; Política Social e Turismo; Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, seis representarán ó Grupo Municipal Socialista; dous ó grupo municipal Popular e un ó Grupo municipal do BNG

A designación concreta a cada Comisión dos concelleiros/as que deberán formar parte delas en representación dos Grupos Municipais realizarase mediante escrito do seu Voceiro/a dirixido ó alcalde, que presentase no Rexistro da Secretaría Xeral do Pleno, no prazo de dous días seguintes á adopción do presente acordo. Os Grupos Políticos poderán designar suplentes indistintos a un ou varios dos seus membros.

A efectos de manter a proporcionalidade establecida, no suposto de que en calquera momento o alcalde, como Presidente nato das Comisións, desempeñe a Presidencia absterase de votar o membro de menor idade dos do seu Grupo Municipal sempre que estiveran presentes todos eles.

Quinto.- Facúltase ao alcalde para realizar o nomeamento, conforme á proposta que realicen os Voceiros dos Grupos, dos membros da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións.

Sexto.- Agás a Comisión de Urbanismo (Consello da Xerencia) que ten o seu propio réxime de funcionamento, as Comisións realizarán reunións ordinarias con carácter mensual sempre e cando existan asuntos que se deban ditaminar ou informar. As devanditas reunións realizaranse os penúltimos luns non festivos de cada mes.

Sétimo.- O funcionamento das Comisións axustarase o previsto no Capítulo II do Título IV, do RD 2568/1986.

Oitavo. - Comunicar o presente acordo os Voceiros dos diferentes Grupos Municipais e proceder a súa publicación na páxina web municipal.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR DO BNG: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e dezoito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, acórdase rexeitar as emendas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 34 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

VOTACIÓN DO FONDO.- Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a proposta da Alcaldía, de data 28 de xuño de 2023, relativa á creación e composición das Comisións Informativas do Pleno.

## **12.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DO CONCELLO REFERENTE ÁS DOTACIÓNS ECONÓMICAS DOS GRUPOS MUNICIPAIS. EXPTE. 1723/110 (REXISTRO PLENO 3868/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 28 de xuño de 2023, a Alcaldía-Presidencia somete a consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo:

“O parágrafo segundo do artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, indica que o Pleno da Corporación, con cargo ós orzamentos anuais da mesma e os efectos da súa actuación corporativa, poderá asignar ós grupos municipais unha dotación económica que constará dun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos, e outro variable en función do seu número de membros.

Constituída a nova Corporación do Concello de Vigo xurdida tralas eleccións locais do 28 de maio, resulta preciso proceder a unha nova consideración da asignación total no seu día acordada e a unha nova redistribución, polo que esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Primeiro. Fixar en 98.850,15 € o crédito orzamentario asignado a este gasto (Base 39 das de execución do orzamento).

Segundo. Cada grupo municipal disporá dunha dotación económica en función dun compoñente fixo (1.500,00 €) e outro variable (3.494,45 €) en función do número de membros de cada un deles, sendo a distribución do importe total a seguinte:

G. M Socialista  $1.500,00 \text{ €} + 3.494,45 \times 19 [66.394,55 \text{ €}] = 67.894,55 \text{ €}$

G.M. Popular  $1.500,00 \text{ €} + 3.494,45 \times 5 [17.472,25 \text{ €}] = 18.972,25 \text{ €}$

G.M. do BNG  $1.500,00 \text{ €} + 3.494,45 \times 3 [10.483,35 \text{ €}] = 11.983,35 \text{ €}$

Terceiro. As dotacións o son sen prexuízo dos medios materiais necesarios, artigo 27 do R.D. 2568/1986, de 26 de novembro.

Cuarto. As dotacións non se poderán destinar ao pagamento de remuneracións de persoal ou á adquisición de bens que constitúan activos fixos patrimoniais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 35 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Quinto. Os grupos municipais levarán unha contabilidade específica de dotación asignada que porá a disposición do Pleno sempre que este o solicite.”

Con data 28 de xuño o Interventor municipal emite informe de fiscalización favorable.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

**VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR DO BNG:** Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e dezaoto votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, acórdase rexeitar as emendas.

**VOTACIÓN DO FONDO.-** Con dezaoto votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, e oito votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e mais dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a proposta da Alcaldía, de data 28 de xuño de 2023, relativa ás dotacións económicas dos grupos municipais.

### **13.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DO CONCELLO REFERENTE ÓS CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA E PARCIAIS. EXPTE. 1725/110 (REXISTRO PLENO 3869/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 28 de xuño de 2023, a Alcaldía-Presidencia somete a consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo:

“Como consecuencia da constitución da nova Corporación xurdida tralas eleccións locais do pasado 28 de maio, resulta de aplicación o previsto nos artigos 75; 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na redacción que, dos dous últimos preceptos citados, efectuou a Lei 27/2013, do 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local.

Os membros das Corporacións Locais poden percibir retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desenvolvan con dedicación exclusiva ou parcial, debendo ser o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 36 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Concello-Pleno, ex artigo 75.5 e 123.1 n) LRBRL, quen adopte o necesario acordo no que se determinen tales retribucións e o réxime de dedicación dos cargos con dedicación exclusiva e parcial para o seu posterior nomeamento mediante Resolución por esta Alcaldía.

Nos Concellos de Municipios con poboación comprendida entre 100.001 e 300.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá de dezaioito, Artigo 75. Ter LBRLL.

De conformidade coa normativa exposta e en concordancia co indicado no artigo 225 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, esta Alcaldía, no uso das facultades previstas no artigo 13.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, propón ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Establecer os seguintes réximes de dedicación e retribucións anuais:

Alcalde-Presidente en réxime de dedicación exclusiva: 72.840,74 euros  
 Concelleiro/a en réxime de dedicación exclusiva:62.700,82 euros  
 Concelleiro/a en réxime de dedicación parcial de 26 horas: 43.295,16 euros

Segundo.- Ademais do alcalde-presidente realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva os seguintes cargos da Corporación:

Dez concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista  
 Un/unha concelleiro/a do Grupo Municipal Popular

Terceiro.- Realizarán as súas funcións en réxime de dedicación parcial con unha dedicación mínima de 26 horas os seguintes cargos da Corporación:

Dous concelleiros do Grupo Municipal Socialista  
 Un/unha concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Cuarto. - Os Voceiros/a dos grupos municipais, no prazo dos tres días seguintes á adopción do presente acordo, presentarán no Rexistro da Secretaría do Pleno, escrito dirixido ao Alcalde-Presidente no que nominarán aos concelleiros/as do seu Grupo que desenvolvan as dedicacións previstas ao obxecto de que á Alcaldía determine o previsto no artigo 75.5 da LBRLL.

Quinto.- Os Voceiros dos Grupos Municipais, no escrito citado no apartado anterior, poderán comunicar a decisión do grupo de dividir unha ou varias dedicacións exclusivas das que correspondan ao seu Grupo en dúas ou máis parciais de características idénticas ás sinaladas. Así mesmo poderase propoñer a agrupación de dúas ou máis dedicacións parciais nunha ou máis exclusivas e mesmo agrupar os importes retributivos de varias dedicacións exclusivas ou parciais coa contía retributiva que resulte que, no caso de ser parciais, non poderán superar os importes previstos. Nestes supostos non será necesaria a modificación do presente acordo e facúltase á Alcaldía a resolver en base á comunicación a ela dirixida. Da Resolución darase conta individualizada ao Pleno.

Sexto. As retribucións por dedicación exclusiva implicarán a súa incompatibilidade con outras con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como co desenvolvemento doutras actividades,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 37 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

todo iso nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

Sétimo. Os concelleiros/as que desenvolvan as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial non percibirán indemnizacións por asistencia ás sesións dos órganos colexiados da Corporación nin dos órganos reitores dos organismos autónomos municipais, sen prexuízo das indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo.

Oitavo. As retribucións anuais brutas aboaranse en catorce pagas agás as dos concelleiros/as con dedicación parcial que se aboarán en doce. Os importes das retribucións revisaranse anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.

Noveno. A Secretaría Xeral do Pleno, nos supostos de dedicacións parciais de concelleiros/as que desempeñen un posto de traballo noutras Administracións Públicas ou nos entes ou organismos delas dependentes, comunicarán ó centro de traballo do concelleiro/a a xornada desempeñada e as retribucións percibidas.

Décimo. No suposto de que con posterioridade algún concelleiro/a non desenvolva as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial percibirán indemnizacións por asistencia ás sesións dos órganos colexiados da Corporación ou dos órganos reitores dos OO.AA. municipais dos que formen parte; nos termos establecidos na Base 35 de execución dos orzamentos correspondentes ao exercicio 2023. En ningún caso a cantidade máxima que mensualmente poderán percibir poderá sobre pasar ás que mensualmente corresponden ós cargos que desenvolven a súa función en réxime de dedicación parcial de 26 horas.

Décimo primeiro. Os cargos que desempeñen a súa función en réxime de dedicación parcial poderán comunicar á Alcaldía mediante escrito, no que figurará a sinatura de conformidade do Voceiro do seu grupo político, a súa decisión de desempeñalo sen adscrición á tal réxime, optando, en consecuencia, polo sinalado no apartado anterior. A Alcaldía resolverá en base á comunicación a ela dirixida.

Décimo segundo. O presente acordo, así como a Resolución da Alcaldía na que se determinen a proposta dos voceiros/a dos distintos grupos municipais os membros da Corporación que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia e fixarse no taboleiro de anuncios do Concello e na Intranet municipal.

Décimo terceiro. O nomeamento para un cargo con dedicación exclusiva deberá ser aceptado expresamente polo concelleiro/a no que recaia mediante escrito dirixido á Alcaldía presentado no Rexistro da Secretaría Xeral do Pleno, debéndose comunicar esta circunstancia ó Concello-Pleno na seguinte sesión ordinaria.”

Con data 28 de xuño o Interventor municipal emite informe de fiscalización favorable.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR DO BNG: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 38 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e dezaoito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, acórdase rexeitar as emendas.

**VOTACIÓN DO FONDO.**- Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, e oito votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e mais dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**

Aprobar a proposta da Alcaldía, de data 28 de xuño de 2023, relativa aos cargos con dedicación exclusiva e parcial.

#### **14.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DO CONCELLO REFERENTE Á INCLUSIÓN DE MOCIÓNS DE CONTROL NA ORDE DO DÍA DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO. EXPTE. 1728/110 (REXISTRO PLENO 3870/1101.**

**ANTECEDENTES.**- Con data 28 de xuño de 2023, a Alcaldía-Presidencia somete a consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo:

“O artigo 63. do Regulamento Orgánico do Pleno sinala,

*1. A Moción de control é a formulación dunha proposta de actuación destinada a instar, impulsar, orientar, fiscalizar ou reprobar a acción política ou administrativa dos órganos de goberno do Concello de Vigo ou actuacións ou propostas de actuación doutras Administracións Públicas que teñan incidencia nas aspiracións e satisfacción dos intereses da comunidade veciñal do Concello de Vigo”.*

*2. As Mocións presentaranse ben na reunión da Xunta de Voceiros que coñeza da Orde do Día da sesión na que pretendan incluírse, ben no Rexistro do Pleno en calquera momento anterior ao de reunión da Xunta de Voceiros; das mesmas darase traslado aos voceiros dos grupos municipais ao obxecto de presentación de emendas.*

*3. Non se incluírán na Orde do Día mais de sete mocións en cada sesión ordinaria. Cada grupo presentará o número que lle corresponda en proporción ao seu número de concelleiros; aínda que a proporcionalidade non o permita en todo caso cada grupo municipal poderá presentar unha moción, neste suposto o número total de mocións ampliarase”.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 39 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Trala sesión constitutiva da corporación en data 17 de xuño de 2023, constituíronse os seguintes grupos municipais: PSOE, dezanove concelleiros/as; PP, cinco concelleiros/as; BNG, tres concelleiros/as.

E por isto que o número máximo de mocións a presentar en cada sesión (sete) distribuírse na seguinte proporción: cinco mocións ao grupo municipal PSOE; unha moción ao grupo municipal do PP e unha moción ao grupo municipal do BNG:

Conforme o exposto propónse o Pleno o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- O Grupo Socialista poderá presentar en cada sesión ordinaria do Pleno un máximo de cinco mocións de control.

SEGUNDO.- O Grupo Popular poderá presentar en cada sesión ordinaria do Pleno un máximo dunha moción de control.

TERCEIRO. - O Grupo do BNG poderá presentar en cada sesión ordinaria do Pleno un máximo dunha moción de control.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN.- Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, e oito votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e mais dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a proposta da Alcaldía, de data 28 de xuño de 2023, relativa á inclusión de mocións de Control na orde do día das sesións ordinarias do Pleno.

### ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno extraordinario 3 de xullo 23  
 Legislatura: Mandato 2023-2027  
 Órgano : Pleno  
 Fecha Inici: Lunes, 3 de Julio de 2023 09:06:42  
 Fecha Fin : Lunes, 3 de Julio de 2023 10:06:13  
 Duración : 00:59:31

- HTML

[https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos\\_actas.jsp?id=3332](https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3332)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 40 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 798 MiB  
 Url -  
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/gocAecRNNyhQJUL7Ix02Cp2uftp6xQfITCEpIDmLDjRt8EEz.wmv>  
 SHA512 - 9b44e01a14bc6afa3d4f1a852b25a9a0bbde5bd942f0216f47c1095c459633c6ab7a934e36533efd32d9a3b01d2e4434de50f688bae0bf2faa6a50a4f9ba2a64

- Minutaxe

- 00:00:01 - Asistentes : Martín Peña, José Miguel; Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Gomez Díaz, Gorka; Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Losada Alvarez, Abel Fermín; Fernandez-Tapias Nuñez, Marta; Garrido Valenzuela, Irene; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.
- 00:00:22 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:00:52 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:02:10 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:02:40 : 1.- Dar conta do escrito presentado polos concelleiros da formación política do Bloque Nacionalista Galego constituíndo o grupo político Municipal do Bloque Nacionalista Galego e designando voceiro do grupo (Rexistro Pleno 3850/1101)
- 00:02:56 : 2.- Dar conta do escrito presentado polos concelleiros da formación política do Partido Popular constituíndo o Grupo Político Municipal Popular e designando voceiro do grupo. (Rexistro Pleno 3849/1101)
- 00:03:01 : 3.- Dar conta do escrito presentado polos concelleiros da formación política do Partido Socialista de Galicia?Partido Socialista Obrero Español constituíndo o Grupo Político Municipal Socialista e designando voceiro do grupo. (Rexistro Pleno 3854/1101)
- 00:03:13 : 4.- Dar conta da Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023 pola que se nomean ós tenentes de alcalde. Expte. 1488/1102 (Rexistro Pleno 3859/1101).
- 00:03:25 : 5.- Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 19.06.2023, de constitución da Xunta de Goberno Local e nomeamento dos seus membros. Expte. 1485/1102. (Rexistro Pleno 3860/1101).
- 00:03:35 : 6.- Dar conta da Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023 pola que se estrutura a Administración do Concello de Vigo: Delegación de competencias. Expte. 1482/1102. (Rexistro Pleno 3861/1101).
- 00:03:46 : 7.- Dar conta de Resolución da Alcaldía de data 20.06.2023, pola que se delegan competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local. Expte. 1484/1102 (Rexistro Pleno 3862/1101).
- 00:03:54 : 8.- Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 22.06.2023 polo que se delegan competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as delegados. Expte. 1483/1102. (Rexistro



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 41 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Pleno 3863/1101).

- 00:04:06 : 9.- Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 20.06.23, de delegación de competencias xenéricas en concelleiros de Área de Goberno e concelleiros delegados. Expte. 1491/1102 (Rexistro Pleno 3864/1101).
- 00:04:28 : 10.- Proposta da Alcaldía ao Pleno do Concello referente á periodicidade das sesións do Pleno. Expte. 1722/110 (Rexistro Pleno 3865/1101).
- 00:04:43 - Pérez Iglesias, Xabier  
 00:04:48 - López Font, Carlos  
 00:04:52 - Pérez Iglesias, Xabier  
 00:09:20 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:09:24 - López Font, Carlos  
 00:14:39 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:14:50 - Voto particular Grupo do BNG  
 00:15:18 - Votación da proposta
- 00:15:39 : 11.- Proposta da Alcaldía ao Pleno do Concello referente á creación e composición das Comisións Informativas do Pleno. Expte. 1724/110 (Rexistro Pleno 3866/1101)
- 00:15:53 - Pérez Iglesias, Xabier  
 00:20:35 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:20:39 - López Font, Carlos  
 00:25:42 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:25:49 - Voto particular do Grupo do BNG  
 00:26:07 - Votación da proposta
- 00:26:21 : 12.- Proposta da Alcaldía ao Pleno do Concello referente ás dotacións económicas dos grupos municipais. Expte. 1723/110 (Rexistro Pleno 3868/1101)
- 00:26:31 - Pérez Iglesias, Xabier  
 00:31:11 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:31:15 - López Font, Carlos  
 00:35:44 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:35:56 - Voto particular do Grupo do BNG  
 00:36:09 - Votación da proposta
- 00:36:35 : 13.- Proposta da Alcaldía ao Pleno do Concello referente ós cargos con dedicación exclusiva e parciais. Expte. 1725/110 (Rexistro Pleno 3869/1101)
- 00:36:48 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:36:52 - Pérez Iglesias, Xabier  
 00:40:49 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:40:52 - López Font, Carlos  
 00:45:29 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:45:36 - Voto particular do Grupo do BNG  
 00:45:53 - Votación da proposta
- 00:46:04 : 14.- Proposta da Alcaldía ao Pleno do Concello referente á inclusión de Mocións de Control na orde do día das sesións ordinarias do Pleno. Expte. 1728/110 (Rexistro Pleno 3870/1101.)
- 00:46:18 - Pérez Iglesias, Xabier  
 00:49:26 - Fernandez-Tapias Nuñez, Marta  
 00:53:22 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:53:25 - López Font, Carlos  
 00:58:36 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:58:53 - Votación [10:05:20]  
 00:59:31 : [FIN]



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 42 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás dez horas e oito minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 13/2023, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2023.  
am.

A PRESIDENCIA

Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2023 13:10	Páxina 43 de 43
4055-1101	CSV: A5AF35-2DE5E3-3558AB-1F2XKE-FHZLTK-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>